




Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B JVC	Documento 10517I0SN1	SUBVENCIONES para ACTIVIDADES / PROXECTOS de INTERESE SOCIAL - EXERCICIO 2023 [BDNS Identif.): 673898]:
Código de verificación  674X 0M55 1G1S 2U45 0910	Expediente 105/2023/282	
	Fecha 27-09-2023	

Asunto SUBVENCIONES destinadas a ENTIDADES para actividades de INTERÉS SOCIAL en materia de SERVICIOS SOCIALES para o exercicio 2023: ACTO de TRÁMITE de APROBACIÓN da PROPOSTA de resolución DEFINITIVA polo órgano INSTRUTOR e APERTURA de prazo de presentación de ACEPTACIÓN/RENUNCIA da axuda proposta para a súa concesión.-	Interesado ENTIDADES SOLICITANTES DE SUBVENCIONES destinadas a ACTIVIDADES de INTERÉS SOCIAL
--	---

**INFORME-PROPOSTA DE ACTO DE TRÁMITE do órgano instrutor de formulación da PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA e APERTURA do PRAZO de presentación de ACEPTACIÓN/RENUNCIA das subvencions que se propón conceder**  
[Ref. BDNS (Identif.): 673898]

*I.- Antecedentes da tramitación e instrución do expediente: Aprobación da convocatoria de subvención e instrución do procedemento de concesión.-*

*I.1.- Aprobación da convocatoria de subvención e regulación da instrución do procedemento de concesión.-*

1º.- A Xunta de Goberno Local (XGL) en sesión ordinaria celebrada o día 01/02/2023 aprobou a convocatoria específica de subvencions para entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro dirixidas a actividades ou proxecto de interese social para o exercicio 2023, por un importe de 100.000,00 euros, imputables á aplicación 51.231.489.00, segundo o contido da certificación dos acordos deste asunto, do día 01/02/2023, que se indican de seguido, e que consta no expediente de referencia ca seguinte identificación electrónica:

Código de documento: 10517I01Y4  
Código de verificación segunda (CVS): 3450 3W5S 413J 686U 10CW

Os acordos adoptados no día 02/02/2023 pola Xunta de Goberno Local (XGL) relativos a este asunto e convocatoria específica de subvencions, foron os seguintes:

-----  
*"PRIMEIRO.- Autorizar o gasto de cen mil euros (100.00,00 €) correspondente a convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencions destinadas a apoiar ás entidades de iniciativa social, sen ánimo de lucro, do concello da Coruña para realizar actividades ou proxectos de interese social durante o ano 2023, gasto imputable á aplicación 51.231.489.00 do Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2023.*

*SEGUNDO.- Aprobar a devandita convocatoria específica (documento CSV 446S 0E5U 3A0M 0N0Y 0POX na súa versión en castelán e CSV 4T05 3W13 296J 0M2J 122H na súa versión en galego) no marco da Ordenanza Xeral de Subvencions do Área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión de data 11 de abril de 2005 e publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia o día 19 de febreiro de 2005, que se unen ao expediente formando parte deste para tódolos efectos, cun importe de cen mil euros (100.000 €).*

*TERCEIRO.- Remitir, a través da Intervención Municipal, á Base de Datos Nacional de Subvencions (BDNS) a información e documentación que resulte necesaria coa finalidade de que se publique o extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.*

*CUARTO.-. Publicar na sede electrónica e na páxina web municipal un extracto desta convocatoria aprobada aos efectos de dar publicidade e difusión.*

*QUINTO.- Encomendar ao Servizo de Servizos Sociais a tramitación e seguimento deste expediente."*  
-----



Un extracto de este acordo da XGL publicouse mediante anuncio no BOP da Coruña nº 27 do día 08/02/2023 e a convocatoria está identificada na Base de Datos Nacional de Subvencións BDSN con nº BDNS: 673898. As bases desta convocatoria de subvencións e a información do anuncio do extracto da mesma atópanse publicadas nos seguintes enderezos electrónicos do Concello da Coruña e da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS):

- Concello da Coruña: Bases reguladoras desta convocatoria de axudas:  
<https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/guia-de-procedementos-e-servizos/detalle-de-procedementos/subvencions-para-entidades-de-iniciativa-social-sen-animo-de-lucro-para-actividades-ou-proxectos-de/contenido/1453754625217?argIdioma=gl>
- Concello da Coruña: Anuncio BOP A Coruña so extracto desta convocatoria de axudas:  
[https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/02/08/2023\\_0000000713.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/02/08/2023_0000000713.pdf)
- Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS):  
<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/673898>

O contido destas bases reguladoras da concesión das subvencións para entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro dirixidas a actividades ou proxectos de interese social (en adiante, BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023), pódese consultar na documentación electrónica cuxa identificación se indica de seguido e consta no expediente de referencia:

- Versión en idioma galego:  
Código de documento: 10517I02VO  
Código de verificación segura (CVS): 4T05 3W13 296J 0M2J 122H
- Versión en idioma castelán:  
Código de documento: 10517I02VJ  
Código de verificación segura (CVS): 446S 0E5U 3A0M 0N0Y 0P0X

Esta convocatoria específica de subvencións ten por obxecto é a cooperación en actividades ou proxectos de promoción e reinserción social, a prestación de servizos sociais e, en xeral, aquelas que perseguen un interese social no campo dos servizos sociais, no concello da Coruña, a realizar no ano 2023, por entidades de iniciativa social ou agrupacións de persoas, nas condicións establecidas na Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, dentro do marco establecido pola Lei 38/2003, do 17 de setembro, Xeral de Subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións, así como o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955 e demais normativa que poida ser de aplicación e axustándose, en todo caso os principios de publicidade, transparencia, competencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Trala publicación deste antedito extracto abriuse o prazo dun (1) mes para a presentación de solicitudes, segundo o establecido na Base 11.1. das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, que se realizou mediante a súa presentación de forma electrónica na sede electrónica do Concello da Coruña, tal e como consta na seguinte dirección electrónica:

<https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/guia-de-procedementos-e-servizos/detalle-de-procedementos/subvencions-para-entidades-de-iniciativa-social-sen-animo-de-lucro-para-actividades-ou-proxectos-de/contenido/1453754625217?argIdioma=gl>

Dito prazo de presentación comprendeu o período que vai dende o día 09/02/2023 ata o día 08/03/2023, ambos engadidos.

2º.- As Bases 9 e 10 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, establecen o réxime do procedemento de concesión da presente convocatoria de subvencións, o órgano instructor e o órgano competente para a resolución da concesión destas axudas, nos termos seguintes:



-----  
"Base 9.- Procedemento de concesión: réxime e iniciación

9.1. O procedemento de concesión das subvencións obxecto desta convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Base 10.- Procedemento de concesión: órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento

10.1. De conformidade co disposto no artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, a instrución do procedemento de concesión corresponde ao xefe de servizo, ou xefe de departamento, no caso de ausencia ou vacante do primeiro, que actuará como órgano de instrución, segundo se recolle no artigo 24 da Lei xeral de subvencións.

10.2. O órgano competente para a resolución será o titular da concellería delegada de Igualdade, Benestar Social e Participación, por delegación da Xunta de Goberno Local."

-----

Por unha parte, a Base 11 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, establecen a forma, o prazo e a documentación necesaria para o trámite de presentación das solicitudes de subvencións da presente convocatoria específica por parte das entidades interesadas, nos termos seguintes:

-----

"Base 11.- Procedemento de concesión: formulario, documentación e prazo de presentación de solicitudes

11.1. Presentación de solicitudes de subvención

11.1.1 A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter>, ou a través dos restantes rexistros electrónicos a que se refire o artigo 16.4.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto de esta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. A solicitude deberá realizarse nos anexos oficiais da convocatoria.

O último día do prazo entenderase como o correspondente á mesma data ordinal da publicación da dita convocatoria. Se o último día do período non é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao comezo do cálculo, entenderase que o período remata o último día do mes.

11.2. Documentación da solicitude de subvención

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

1.- Modelo de solicitude e anexos que figuran nestas bases, asinados pola persoa interesada, o titular da Presidencia e/ou representante da entidade ou agrupación solicitante, completando as especificacións, declaracións e autorizacións que aparecen no propio modelo e anexos.

Na indicación da conta bancaria na que realizar o ingreso, no caso de modificación da conta bancaria empregada en anteriores convocatorias, será necesario cubrir o documento denominado rexistro ou modificación de rexistro de terceiros. O devandito documento deberá ser selado polo banco e presentado na sede electrónica do Concello da Coruña:

<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter>

2.- Estatutos vixentes da entidade solicitante.

3.- Resolución de inscrición no REMAC. No caso de non estar rexistrado no REMAC, deberá solicitar a súa inscrición no Servizo correspondente e deberá rexistrarse antes da data da proposta de subvención.

Unha vez obtida a correspondente inscrición no REMAC, deberá avisar ao servizo encargado da tramitación desta convocatoria.

4.- Calquera outra documentación que a entidade ou grupo solicitante entenda que sexa pertinente para unha mellor avaliación da solicitude ou para un maior detalle da descrición da actividade ou proxecto, ou acción solicitada, mediante a presentación dun informe complementario para os efectos de ampliar a información requirida no anexo S.1 e cunha extensión que non pode exceder de 6 páxinas.

11.3. Aclaracións adicionais sobre a documentación da solicitude de subvención

...

11.3.2. Os documentos normalizados indicados como "anexos" nesta convocatoria son obrigatorios e non poden ser modificados polos solicitantes."

-----



E por outra parte, a Base 12 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, regula a fase de instrución deste procedemento de concesión de subvencións, en relación ás solicitudes de subvencións presentadas da presente convocatoria específica por parte das entidades interesadas, nos termos seguintes:

-----  
*"Base 12.- Procedemento de concesión: Instrución*

*12.1. A instrución do procedemento de concesión da subvención corresponde ao órgano indicado na Base 10.1.*

*12.2. O órgano instructor realizará de oficio cantas accións considere necesarias para a determinación, coñecemento e verificación dos datos en virtude dos cales se deberá formular a proposta de resolución.*

*12.3. De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei xeral de subvencións, as actividades instrutivas incluírán as que a continuación se indican:*

*a) Petición de cantos informes considere necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.*

*b) Avaliación de solicitudes ou peticións, realizada de acordo cos criterios, formas e prioridades de avaliación establecidos na base 13.1 seguinte.*

*12.4. Se a solicitude de subvención non cumpre os requisitos establecidos nesta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que, de non facelo, teráse por desistido da súa solicitude, logo dunha resolución que deberá emitirse nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*12.5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que proporcione a información e a documentación clarificadora e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e verificación da solicitude presentada."*

-----  
Asemade, os artigos 22.3 e 22.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se expresan en termos similares aos indicados previamente, en relación cas actividades de instrución.

Tamén, as Bases 12 e 13 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, regula o procedemento de avaliación das solicitudes de subvencións presentadas da presente convocatoria específica por parte das entidades interesadas, nos termos seguintes:

-----  
*"Base 13.- Procedemento de concesión: criterios de avaliación de subvencións e cadro de avaliación de subvencións*

...

*13.3. Mesa de avaliación:*

*13.3.1. A presentación de solicitudes de subvención será avaliada por unha Mesa de avaliación, designada pola concelleira responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, e estará formada por persoal funcionario municipal con capacitación, competencia e preparación adecuadas, ..."*

...

*Base 12.- Procedemento de concesión: Instrución*

...

*12.6. Unha vez avaliadas as solicitudes, a Mesa de avaliación indicada na base 13.3 seguinte deberá emitir un informe no que se especifique o resultado da avaliación realizada. A continuación, o órgano instructor, logo de ver o expediente e o informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada."*

-----  
3º.- De conformidade co establecido na indicada Base 13.3 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, se prevé a esixencia dun órgano colexiado, denominada Mesa de Avaliación, o cal avaliará de acordo co baremo establecido na Base 13 as solicitudes presentadas en prazo e forma, en consecuencia mediante a Resolución nº RES/AYT/3137/2023, do día 15/02/2023, nomeáronse as persoas integrantes desta Mesa de Avaliación, segundo consta no expediente de referencia ca seguinte identificación electrónica:

Código de documento do extracto: 10517I05HC

Código de verificación segunda (CVS): 301K 4L6G 0E32 4U0R 00PQ



De acordo co establecido na Base 9.1 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023 o procedemento de concesión destas subvencións é en réxime de concorrencia competitiva, e segundo a Base 10.1 das ditas bases, o órgano instrutor deste procedemento corresponde ao xefe de servizo, ou xefe de departamento, no caso de ausencia ou vacante do primeiro, á que se adscribe funcionalmente este programa de subvencións, ou de ser o caso, a persoa que a substitúa.

4º.- Tal e como se indicou previamente, en relación ao proceso de tramitación das solicitudes de subvencións, o proceso de presentación de subvencións regúlase na Base 11 destas BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, precisando que o prazo para presentar as solicitudes é dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto de esta convocatoria no BOP da Coruña, isto é dentro o día 09/02/2023 ata o día 08/03/2023 e, por outra banda, a documentación obrigatoria establécese na base 11.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023.

Rematado este prazo de presentación de solicitudes que se prevé na Base 11.1 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, o órgano instrutor realizou o exame e revisión do contido das solicitudes presentadas polas entidades destinatarias destas axudas, xunto ca documentación presentada, con carácter previo ao requirimento de documentación e emenda das solicitudes, previsto na Base 12.4 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, en relación a aquelas solicitudes que non reunían algún dos requisitos establecidos na convocatoria.

Nas seguintes táboas relaciónanse e detállanse as entidades que presentaron solicitudes de subvención nesta convocatoria de axudas, ca indicación de: o número de expediente asignado, a denominación do proxecto presentado a súa finalidade, o importe do coste do proxecto subvencionable, da achega propia e da axuda solicitada, así como do porcentaxe que esta achega representa:

- *Táboa nº 1A: Relación de entidades que presentaron solicitudes de subvención nesta convocatoria de axudas regulada polas BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, ca indicación do nº de expte. asignado, a denominación do proxecto presentado e a súa finalidade.*
- *Táboa nº 1B: Relación de entidades que presentaron solicitudes de subvención nesta convocatoria de axudas regulada polas BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, ca indicación do nº de expte. asignado, o importe do coste do proxecto, da achega propia e da axuda solicitada, co porcentaxe que esta achega representa.*



*Táboa nº 1A: Relación de entidades que presentaron solicitudes de subvención  
nesta convocatoria de axudas regulada polas BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023,  
ca indicación o número de expediente asignado a denominación do proxecto presentado a súa finalidade:*

ASENTO ENTRADA SOLICITUDE	NÚMERO EXPEDIENTE	CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	DENOMINACIÓN ACTIVIDADE / PROXECTO	FINALIDAD DA ACTIVIDADE / PROYECTO
RMPE1708OG	222/2023/107	G27033737	FEDERACION DE SALVAMENTO Y SOCORRISMO DE GALICIA	Cursos de primeiros auxilios e soporte vital básico	Dotar ás persoas participantes das técnicas, habilidades e destrezas precisas, que lles permitan actuar con seguridade e eficacia ante as principais situación de urxencia ou emerxencia que se producen na vida diaria
RMPE170934	222/2023/108	G15074743	REAL INSTITUCION BENEFICO SOCIAL PADRE RUBINOS (RIBS PADRE RUBINOS)	Servizo de roupeiro para persoas en situación ou risco de exclusión social beneficiarias do Centro Integrado de Atención Social (CIAS)	Dar unha resposta digna as persoas sen fogar, que facilite a súa autonomía, en concreto, o servizo de roupeiro, para garantir as súas necesidade de hixiene e aseo persoal
RMPE1709UO	222/2023/118	G70043435	ASOCIACIÓN GALEGA DE ASPERGER (ASPERGA)	Programa de orientación e asesoramento telefónico en primeira consulta de ASPERGA	Atender de maneira gratuíta e individualizada ás persoas con sospeitas de ter a enfermidade do síndrome de Asperger (SA) ou trastorno do espectro do autismo (TEA) ou que xa están diagnosticados, de tódalas idades e as súas familias.
RMPE1709Y2	222/2023/119	G15088396	ASOCIACIÓN GALLEGA FIBROSIS QUISTICA (FQ FIBROSE QUISTICA)	Programa de información, difusión e asesoramento ás persoas con fibrose quística e familiares	Mellorar a calidade de vida das persoas con fibrose quística e os seus familiares, apoiar a agrupación dos afectados, dar información e orientación sobre os aspectos implicados no proceso da enfermidade, contribuir a integración socio-laboral, etc.
RMPE170ALC	222/2023/121	G36861078	FUNDACION ERGUETE INTEGRACION	Calor-Café do programa de prevención SÍSIFO	Detectar poboacións ocultas de drogodependentes con vulnerabilidade ou en situación de risco, ampliar a cobertura de atención de rúa, reducir ou limitar os danos socio sanitarios relacionados co consumo e mellorar a información e o acceso cara aos recursos asistenciais (intervención que se dirixe a grupos de poboación con consumos activos, ou daqueles que exhiben factores de alto risco que incrementan a posibilidade de desenvolver consumo prexudicial ou a adición)
RMPE170AN5	222/2023/122	G70370713	ASOCIACIÓN GALLEGA DE AFECTADOS POR TRANSPLANTES MEDULARES (ASOTRAME)	"Como en Casa": Vivenda de estancia temporal para pacientes oncolóxicos e familiares	Manter unha vivenda de acollida temporal para que, tanto pacientes desprazados dos seus municipios como as súas familias, teñan un lugar preto do hospital no que pernactar e descansar, xa que en numerosas ocasións a economía familiar non pode sufragar os gastos que as novas circunstancias traen consigo.
RMPE170AWU	222/2023/123	G15614084	ASOCIACIÓN GALEGA DE LUPUS (AGAL)	Servicio de información, orientación e asesoramento sobre lupus, e xestión administrativa	Contribuír á mellora na calidade de vida das persoas con Lupus, a súas familias e amizades; cubrindo as necesidades, complementando e aliviando situacións de limitación ás que se enfrontan na súa vida cotiá
RMPE170AZ1	222/2023/124	G70397849	FUNDACION ABRENTE	Campamento deportivo inclusivo ENKI	Dar unha oferta de ocio e tempo libre que fora accesible para as fillas e fillos das familias de menores con diversidade funcional na tempada de vacacións escolares
RMPE170BFS	222/2023/131	G15279219	ASOCIACIÓN COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA (CASCO)	Mantemento persoal do centro de atención social continuada	Gastos xerais da entidade
RMPE170BHH	222/2023/132	G15582224	ASOCIACIÓN PARKINSON GALICIA – CORUÑA	Punto de información sobre a enfermidade de parkinson (PIEP)	Contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas con Párkinson, así coma dos seus familiares e/ou cuidadores.
RMPE170BN5	222/2023/133	G15500853	ASOCIACIÓN DIGNIDAD - GALICIA	Programa de acompañamento social e/ou cobertura de necesidades básicas a familias en situación ou risco de exclusión social	Atención social mediante o acompañamento social e/ou cobertura de necesidades básicas a familias en situación ou risco de exclusión social no Concello da Coruña
RMPE170BUB	222/2023/137	G15538838	ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (AFACO)	Estimulación cognitiva e psicomotricidade en persoas con alzheimer	Aplicación de terapias no farmacolóxicas en pacientes con la enfermidade
RMPE170BYZ	222/2023/138	G15220577	ASOCIACIÓN GALLEGA DE HEMOFILIA (AGADHEMO)	Escola para pais e nais de nenos con coagulopatías (HemoEscola - A Coruña 2023)	Mellorar a calidade de vida das persoas con coagulopatías conxénitas do Concello de A Coruña a través da adquisición de competencias no campo do tratamento, os cuidados e a atención especializada



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

ASENTO ENTRADA SOLICITUDE	NÚMERO EXPEDIENTE	CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	DENOMINACIÓN ACTIVIDADE / PROXECTO	FINALIDAD DA ACTIVIDADE / PROYECTO
RMPE170C2R	222/2023/147	G15072242	ASOCIACIÓN DE VECINOS CASTRILLON URBANIZACION SOTO IAR	Servizo de limpeza do local cedido á Cocifa Económica para reparto de comida	Servizo de limpeza do local da asociación polo maior custe que supón na limpeza a cesión á Cocina Económica do local para o reparto de comidas
RMPE170C6V	222/2023/148	G15428600	ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS (AGAFAN)	Servizo de apoio e asesoramento ás familias numerosas con fillos e fillas en risco de exclusión	Reducir o risco de exclusión das familias numerosas derivado da falta de recursos técnicos e informativos
RMPE170CAQ	222/2023/149	R1500247J	BETANIA DE JESUS NAZARENO	Proxecto Girasol	Servizo de atención xurídica e psicolóxica
RMPE170CDW	222/2023/150	G15058647	ASOCIACIÓN PARA LOITA CONTRA AS ENFERMIADIAS DO RIL (ALCER)	Servizo de información e orientación social (SIO)	Mellorar a calidade de vida das persoas coa enfermidade renal crónica e das súas familias, na procura da maior autonomía, participación e integración social posibles.
RMPE170CFC	222/2023/151	G15462633	ASOCIACIÓN AGALURE	Escoita activa	Lograr que as partes en conflito alcancen acordos equitativos, xustos, estables e duradeiros, contribuíndo a evitar, no seu caso, a apertura de procedementos xudiciais ou contribuír á resolución dos xa iniciados.
RMPE170CIQ	222/2023/156	G15905839	FUNDACION GALICIA INNOVA	Programa de formación e acompañamento para a mellora da inserción laboral de persoas que pasaron por un proceso oncolóxico, tanto como pacientes como cuidadores (#PotenciaT)	Formar de forma gratuíta mediante un programa de formación e acompañamento para a mellora da inserción laboral .de persoas que, por pasar por un proceso oncolóxico como paciente ou como cuidador ou familiar, perderon o seu traballo ou tiveron que reconducir a súa vida laboral, no termo municipal da Coruña
RMPE170CJ5	222/2023/157	R1500230F	TERCIARIOS CAPUCHIÑOS PROV LUIS AMIGO - CIUDAD DE LOS MUCHACCHOS (AGARIMO)	Servizo de atención psicolóxica AMIGONIANOS GALICIA	Dar unha resposta ao grave malestar emocional e desamparo psicossocial ao que están sometidas gran parte das persoas participantes dos proxectos da entidade, denominados Andaina, Acouguiño, Abrente, Resiliencia, Prenatal e Andró Nebó (para residentes do poboado chabolista O Portiño)
RMPE170CML	222/2023/158	G81454969	FUNDACION AMIGÓ	Proxecto Crecendo (intervención con menores inimputables y sus familias)	Promover e facilitar a inclusión social de persoas menores infractores/as inimputables a través do desenvolvemento educativo e sociofamiliar mediante actividades educativas e culturais que favorezan condutas prosociais e fomenten hábitos de vida saudables
RMPE170CNM	222/2023/159	G15068091	FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES PERSOAS XORDAS GALICIA (FAXPG)	Servizo de Intervención Social A Coruña	Favorecer o desenvolvemento e a autonomía persoal das persoas xordas, xordocegas ou con discapacidade auditiva, xerando condicións favorables para a súa participación no ámbito socio-familiar e comunitario a través dunha atención especializada e unha intervención transversal, baseada no respecto a súa identidade, que favoreza a súa integración e a igualdade de oportunidades.
RMPE170COT	222/2023/160	G35103431	FUNDACIÓN ECCA	A Formación contra a exclusión socia	Capacitar e formar para mellorar a capacitación laboral como a ferramenta para a loita contra a exclusión social, e corrixir a desigualdade de xénero e promover a igualdade de mulleres e homes
RMPE170CRE	222/2023/163	G15510266	ASOCIACIÓN CORUÑESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE (ACEM)	Mantemento do servizo transporte adaptado	Transporte adaptado para recibir distintos servizos para as persoas con esqueroris múltiple na provincia de A Coruña
RMPE170CS9	222/2023/164	G70394374	FUNDACION INGADA – INSTITUTO GALLEGO DEL TDAH Y TRANSTORNOS ASOCIADOS (INDAGA)	Intervención integral afrontando o trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH)	Mellorar a calidade de vida das persoas con TDAH e trastornos asociados, así como a das súas familias; prestando a asistencia integral necesaria para a súa integración e inclusión social óptima deste colectivo, dando cobertura a necesidades básicas dos participantes aos que se dirixe o proxecto.
RMPE170CSI	222/2023/165	G70480900	ASOCIACIÓN POTEN100MOS	Asesoramento xurídico especializado para persoas e familias en situación de exclusión social, no ámbito normativo de familia e no ámbito penal de violencia de xénero e violencia no ámbito doméstico	Dar asesoramento profesional gratuíto ás persoas e familias en situación de exclusión social no ámbito xurídico, administrativo e legal



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

ASENTO ENTRADA SOLICITUDE	NÚMERO EXPEDIENTE	CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	DENOMINACIÓN ACTIVIDADE / PROXECTO	FINALIDAD DA ACTIVIDADE / PROYECTO
RMPE170CTI	222/2023/166	G24452435	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	"Na Rúa Coruña"	Lograr a igualdade de oportunidades e favorecer a inclusión social da infancia e adolescencia en situación de vulnerabilidade. A través de servizos de atención diúrna, de medio aberto, fóra do horario escolar, e cun enfoque integral na intervención. Dando apoio, estimulando e potenciando o desenvolvemento persoal e social, a adquisición de aprendizaxes básicas e lúdicas, que compensen as desvantaxes psicosociais e familiares.
RMPE170CTZ	222/2023/167	G70217500	ASOCIACIÓN GALEGA ESCLEROSIS LATERAL AMIOTROFICA (ELA)	A ELA existe, coñécELA?: un proxecto para educar en valores	Achegar á comunidade educativa a realidade da Esclerose Lateral Amiotrófica e fomentar os valores da solidariedade e da cooperación coa cidadanía
RMPE170CY6	222/2023/168	G15400682	ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA (UDP)	"Actívate coa UDP-A Coruña: un proxecto de envellecemento activo".	Mellorar a calidade de vida das persoas maiores mediante o desenvolvemento unificado e coordinado entre administracións e entidades de acción social que, con carácter preventivo, promovan a adquisición de aptitudes, coñecementos e habilidades que permitan optimizar a súa saúde, as súas capacidades na esfera psíquica e física, así como acadar un nivel axeitado de interacción e desenvolvemento na súa contorna.
RMPE170CZB	222/2023/169	G15870173	ASOCIACIÓN PARTICIPA PARA LA INCLUSION SOCIAL	Programa sociocomunitario para persoas en risco ou exclusión social por factores sociais e/ou de saúde mental	Mellorar a saúde social e emocional, favorecer a integración social e a calidade de vida das persoas en risco de exclusión por factores sociais e/ou de saúde mental, mediante a redución de dous factores de risco asociados: a situación socioeconómica (precariedade, falta de cobertura de necesidades básicas, illamento social,...) e estados emocionais que dificultan os procesos de afrontamento (ansiedade, depresión reactiva, frustración, desesperanza, impotencia, falta de apoio emocional percibido...)
RMPE170CZN	222/2023/170	G09847591	ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA A UCRAINA (AGA UCRAINA)	Atención á refuxiados ucranianos residentes no termo municipal do Concello da Coruña	Atender ás persoas refuxiadas ucranianas para asegurar que teñan un lugar digno onde vivir, se lles proporcione manutención, e teñan a oportunidade de aprender o castelán para facilitar a súa integración e o desenvolvemento na sociedade
RMPE170D0C	222/2023/171	G70605530	ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA (ACOUGO)	Programa de Acompañamento na creación e estabilización do vínculo familiares a través da metodoloxía LEGO.	Defender os dereitos das persoas menores de idade que están no sistema de protección público, mediante un programa de acompañamento ás familias acolledoras
RMPE170D0S	222/2023/172	G15354483	ASOCIACIÓN ECOS DO SUR	SIGA (Servicio de Información, Xestión e Acompañamento social)	Intervención con persoas e familias en situación de risco ou exclusión social, xestionando proxectos de asesoramento especializado en estranxeiría, orientación sociolaboral e de formación, que fomentan a inserción laboral e a cobertura de necesidades deste colectivo
RMPE170D0S	222/2023/173	G15681919	FUNDACION AUTISMO CORUÑA	Información, orientación e xestión xurídica para as persoas con trastornos do espectro autista (TEA) e as súas familias.	Dar resposta ás familias das persoas con autismo para atender ás necesidades dos seus fillos e fillas, e ás necesidades do núcleo familiar na contorna financeira, xurídica e social e que garante os apoios adecuados para asegurar o futuro dos seus fillos e fillas
RMPE170D28	222/2023/174	G15702715	INSTITUTO DE LA CARIDAD UNIVERSAL SOLIDARIA (ICUS) DA CORUÑA	Gastos xerais da entidade	Contribuír a mellorar a calidade de vida física, emocional e psicolóxica das familias en situación de risco de exclusión social, facendo fincapé nas persoas menores, mulleres e anciáns
RMPE170D3J	222/2023/175	G70249461	ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA (ALAS CORUÑA)	Proxecto Saudade	Ofrecer escoita, asesoramento e acompañamento a poboación migrante LGTBI en materia de estranxeiría, solicitude de asilo e refuxio e integración.
RMPE170D3N	222/2023/176	G70419940	ASOCIACIÓN WEST GALICIA	Reunión anual de familias con síndrome de West e afines	Posibilitar a estancia completamente adaptada as necesidades dunha persoa con discapacidade e limitacións no encontro de afectados de west e as súas familias.
RMPE170D4L	222/2023/178	G70067830	ASOC SOCIOEDUCATIVA PARA LA EDUCACION (ASEDUC)	Programa de competencias educativas no CIS Carmela y Díaz de Rábago (persoas beneficiarias en terceiro grao de clasificación no ámbito penitenciario)	Proporcionar unha educación de calidade a todos os cidadáns de ambos sexos, en todos os niveis, a fin de que alcancen o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades: individuais, sociais, intelectuais, culturais e tamén emocionais.





**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

ASENTO ENTRADA SOLICITUDE	NÚMERO EXPEDIENTE	CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	DENOMINACIÓN ACTIVIDADE / PROXECTO	FINALIDAD DA ACTIVIDADE / PROYECTO
RMPE170D4N	222/2023/179	G67861476	ADC BOLBORETAS A CORUÑA DRAGON BOAT BCS	Proxecto Bolboretas A Coruña	Integración holística do paciente oncolóxico para persoas supervivintes de cáncer de mama (Dragon Boat BCS - Breast Cancer Survivors)
RMPE170D6Q	222/2023/183	G15731466	ASOCIACIÓN SINDROME DE DOWN DA CORUÑA	Espazos de escoita: Apoio emocional e psicolóxico de persoas coa síndrome de down e discapacidade intelectual	Atención ás persoas usuarias que precisan de servizos especializados con persoas expertas que lles axuden a xestionar emocionalmente os seus conflitos vitais e os problemas de saúde mental
RMPE170D72	222/2023/184	G70218128	FEDERACION GALEGA DE ENFERMEADES RARAS (FEGEREC)	Servizo de Acollida ás persoas afectadas polas enfermidades raras	Facilitar ás persoas afectadas o proceso de cambio que supón padecer unha enfermidade rara e intentar minimizar este impacto emocional para reducir o risco de consecuencias psicopatolóxicas, sanitarias e sociais, favorecendo un afrontamento saudable
RMPE170D9N	222/2023/187	G15675960	ASOCIACIÓN DE CELIACOS DE GALICIA	Divulgación da enfermidade celiaca no termo municipal	Formación e a divulgación da enfermidade celiaca entre a poboación
RMPE170D9V	222/2023/188	G94079050	ASOCIACIÓN DE NENAS, NENOS E XENTE NOVA CON DIABÉTES (ANEDIA)	Somos Tipo 1 A Coruña	Atención xeral e integral ás persoas pacientes con diabetes tipo 1 no termo municipal da Coruña
RMPE170DAQ	222/2023/189	G70529870	ASOCIACIÓN POR QUE NO AYUDAR (XQN)	Programa XQN para familias, accesible e inclusivo	Dar acompañamento ás familias diversas aportando coñecemento e aprendizaxe en valores sociais nun espazo de comprensión e coidados
RMPE170DAS	222/2023/190	G36833648	SOLIEDARIDADE INTERNACIONAL DE GALICIA	Contos do mundo: As viaxes de Irene no Sáhara	Fomentar a interculturalidade para erradicar futuros comportamentos racistas, xenófobos, etnocentristas e a creación de prexuízos e estereotipos culturais e sociais. Incorporando á estrutura mental da persoa, valores como a tolerancia, o respecto á diversidade e o enriquecemento mutuo que nos proporciona a diferenza.
RMPE170DAW	222/2023/191	G70136429	ASOCIACIÓN ONG VIRAVENTOS	Mantemento do programa xeral de promoción e inserción sociolaboral	Favorecer a convivencia intercultural e a completa inclusión social, laboral e cultural do colectivo inmigrante n a cidade da Coruña
RMPE170DBC	222/2023/192	G15651508	ASOCIACIÓN SOS RACISMO GALICIA	Itinerarios de inclusión sociolaboral para mulleres	Contribuír a mellora das habilidades interpersoais e os factores de empregabilidade das mulleres inmigrantes dotándoas das competencias necesarias para favorecer a inserción no mercado laboral por medio de itinerarios personalizados de inclusión social e con alternativas formativas e laborais acordos ao seu potencial e proxecto vital
RMPE170DGV	222/2023/193	F70576467	YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	Proxecto AIDA	Mellorar a inclusión sociolaboral de migrantes en situación de exclusión social
RMPE170DGW	222/2023/195	G70610282	ONGD SENVALOS	Aprendizaxe Creativa 2.0	A finalidade será logra-lo coñecemento e dominio pleno do idioma castelán de persoas migrantes e solicitantes de protección internacional non hispanofalantes que se atopan en situación de risco de exclusión, como medida transversal e básica para a súa inclusión social plena.

- Número TOTAL de SOLICITUDES presentadas polas entidades nesta convocatoria de subvencións: 49 entidades/solicitudes.
- Orde da relación/listado desta táboa: Polo nº de epjte. asignado á solicitude da entidade solicitante: Número de Expediente (Columna denominada: Número Expediente).



*Táboa nº 1B: Relación de entidades que presentaron solicitudes de subvención nesta convocatoria de axudas regulada polas BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, ca indicación do nº de expte. asignado, o importe do coste do proxecto, da achega propia e da axuda solicitada, co porcentaxe que esta achega representa:*

ENTIDADE SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN		APORTACIÓN PROPIA ENTIDADE [Base 13.1.1.A)]			
EXPTÉ / CIF	DENOMINACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE	COSTE TOTAL PROYECTO	ACHEGA PROPIA	AXUDA SOLICITADA	% ACHEGA
222/2023/107 G27033737	FEDERACION DE SALVAMENTO Y SOCORRISMO DE GALICIA	8.877,15 €	887,71 €	7.989,44 €	10,00
222/2023/108 G15074743	REAL INSTITUCION BENEFICO SOCIAL PADRE RUBINOS (RIBS PADRE RUBINOS)	5.000,00 €	500,00 €	4.500,00 €	10,00
222/2023/118 G70043435	ASOCIACIÓN GALEGA DE ASPERGER (ASPERGA)	6.812,82 €	2.812,82 €	4.000,00 €	41,29
222/2023/119 G15088396	ASOCIACIÓN GALLEGA FIBROSIS QUISTICA (FQ FIBROSE QUÍSTICA)	6.840,00 €	4.000,00 €	2.840,00 €	58,48
222/2023/121 G36861078	FUNDACION ERGUETE INTEGRACION	15.992,02 €	7.996,01 €	7.996,01 €	50,00
222/2023/122 G70370713	ASOCIACIÓN GALLEGA DE AFECTADOS POR TRANSPLANTES MEDULARES (ASOTRAME)	12.570,18 €	9.000,00 €	3.570,18 €	71,60
222/2023/123 G15614084	ASOCIACIÓN GALEGA DE LUPUS (AGAL)	6.151,75 €	2.000,00 €	4.151,75 €	32,51
222/2023/124 G70397849	FUNDACION ABRENTE	22.500,00 €	14.500,00 €	8.000,00 €	64,44
222/2023/131 G15279219	ASOCIACIÓN COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA (CASCO)	62.167,05 €	54.167,05 €	8.000,00 €	87,13
222/2023/132 G15582224	ASOCIACIÓN PARKINSON GALICIA –CORUÑA	9.767,06 €	2.051,08 €	7.715,98 €	21,00
222/2023/133 G15500853	ASOCIACIÓN DIGNIDAD - GALICIA	8.000,00 €	800,00 €	7.200,00 €	10,00
222/2023/137 G15538838	ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (AFACO)	7.870,56 €	2.361,16 €	5.509,40 €	30,00
222/2023/138 G15220577	ASOCIACIÓN GALLEGA DE HEMOFILIA (AGADHEMO)	3.131,86 €	939,86 €	2.192,00 €	30,01
222/2023/147 G15072242	ASOCIACIÓN DE VECINOS CASTRILLON URBANIZACION SOTO IAR	1.353,00 €	136,00 €	1.217,00 €	10,05
222/2023/148 G15428600	ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS (AGAFAN)	19.272,50 €	16.147,50 €	3.125,00 €	83,79
222/2023/149 R1500247J	BETANIA DE JESUS NAZARENO	11.325,49 €	1.132,55 €	10.192,94 €	10,00
222/2023/150 G15058647	ASOCIACIÓN PARA LOITA CONTRA AS ENFERMIADDES DO RIL (ALCER)	2.591,54 €	300,00 €	2.291,54 €	11,58
222/2023/151 G15462633	ASOCIACIÓN AGALURE	7.399,31 €	1.479,86 €	5.919,45 €	20,00
222/2023/156 G15905839	FUNDACION GALICIA INNOVA	9.000,00 €	1.000,00 €	8.000,00 €	11,11



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

ENTIDADE SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN		APORTACIÓN PROPIA ENTIDADE [Base 13.1.1.A]			
EXPTE / CIF	DENOMINACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE	COSTE TOTAL PROYECTO	ACHEGA PROPIA	AXUDA SOLICITADA	% ACHEGA
222/2023/157 R1500230F	TERCIARIOS CAPUCHIÑOS PROV LUIS AMIGO - CIUDAD DE LOS MUCHACCHOS (AGARIMO)	30.110,96 €	22.110,96 €	8.000,00 €	73,43
222/2023/158 G81454969	FUNDACION AMIGÓ	21.438,28 €	13.438,28 €	8.000,00 €	62,68
222/2023/159 G15068091	FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES PERSOAS XORDAS GALICIA (FAXPG)	22.404,48 €	16.005,90 €	6.398,58 €	71,44
222/2023/160 G35103431	FUNDACIÓN ECCA	3.330,39 €	333,04 €	2.997,35 €	10,00
222/2023/163 G15510266	ASOCIACIÓN CORUÑESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE (ACEM)	8.704,19 €	1.740,83 €	6.963,36 €	20,00
222/2023/164 G70394374	FUNDACIÓN INGADA – INSTITUTO GALLEGO DEL TDAH Y TRANSTORNOS ASOCIADOS (INDAGA)	8.276,40 €	1.655,28 €	6.621,12 €	20,00
222/2023/165 G70480900	ASOCIACIÓN POTEN100MOS	4.276,90 €	500,00 €	3.776,90 €	11,69
222/2023/166 G24452435	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	26.224,04 €	18.224,04 €	8.000,00 €	69,49
222/2023/167 G70217500	ASOCIACIÓN GALEGA ESCLEROSIS LATERAL AMIOTROFICA (ELA)	3.312,97 €	331,30 €	2.981,67 €	10,00
222/2023/168 G15400682	ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DA CORUÑA (UDP)	20.805,00 €	12.826,00 €	7.979,00 €	61,65
222/2023/169 G15870173	ASOCIACIÓN PARTICIPA PARA LA INCLUSION SOCIAL	16.352,00 €	9.550,00 €	6.802,00 €	58,40
222/2023/170 G09847591	ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA A UCRAINA (AGA UCRAINA)	20.185,00 €	6.539,94 €	13.645,06 €	32,40
222/2023/171 G70605530	ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA (ACOUGO)	3.300,00 €	660,00 €	2.640,00 €	20,00
222/2023/172 G15354483	ASOCIACIÓN ECOS DO SUR	17.584,58 €	9.591,59 €	7.992,99 €	54,55
222/2023/173 G15681919	FUNDACION AUTISMO CORUÑA	4.349,66 €	434,97 €	3.914,69 €	10,00
222/2023/174 G15702715	INSTITUTO DE LA CARIDAD UNIVERSAL SOLIDARIA (ICUS) DA CORUÑA	6.500,00 €	1.700,00 €	4.800,00 €	26,15
222/2023/175 G70249461	ASOCIACIÓN POLA LIBERDADE AFECTIVA E SEXUAL DE A CORUÑA (ALAS CORUÑA)	10.140,70 €	2.140,70 €	8.000,00 €	21,11
222/2023/176 G70419940	ASOCIACIÓN WEST GALICIA	8.700,00 €	870,00 €	7.830,00 €	10,00
222/2023/178 G70067830	ASOC SOCIOEDUCATIVA PARA LA EDUCACION (ASEDUC)	6.350,00 €	952,50 €	5.397,50 €	15,00
222/2023/179 G67861476	ADC BOLBORETAS A CORUÑA DRAGON BOAT BCS	21.000,00 €	6.800,00 €	14.200,00 €	32,38
222/2023/183 G15731466	ASOCIACIÓN SINDROME DE DOWN DA CORUÑA	22.530,62 €	14.530,62 €	8.000,00 €	64,49
222/2023/184 G70218128	FEDERACION GALEGA DE ENFERMEDADES RARAS (FEGEREC)	58.223,85 €	48.659,27 €	9.564,58 €	83,57



ENTIDADE SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN		APORTACIÓN PROPIA ENTIDADE [Base 13.1.1.A)]			
EXPTTE / CIF	DENOMINACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE	COSTE TOTAL PROYECTO	ACHEGA PROPIA	AXUDA SOLICITADA	% ACHEGA
222/2023/187 G15675960	ASOCIACIÓN DE CELIACOS DE GALICIA	11.132,00 €	3.132,00 €	8.000,00 €	28,14
222/2023/188 G94079050	ASOCIACIÓN DE NENAS, NENOS E XENTE NOVA CON DIABETES (ANEDIA)	10.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	50,00
222/2023/189 G70529870	ASOCIACIÓN POR QUE NO AYUDAR (XQN)	5.180,00 €	1.018,00 €	4.162,00 €	19,65
222/2023/190 G36833648	SOLIEDARIDADE INTERNACIONAL DE GALICIA	1.961,60 €	220,00 €	1.741,60 €	11,22
222/2023/191 G70136429	ASOCIACIÓN ONG VIRAVENTOS	10.370,00 €	3.170,00 €	7.200,00 €	30,57
222/2023/192 G15651508	ASOCIACIÓN SOS RACISMO GALICIA	40.000,00 €	32.000,00 €	8.000,00 €	80,00
222/2023/193 F70576467	YARAMA AFRICA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	7.974,91 €	4.037,45 €	3.937,46 €	50,63
222/2023/195 G70610282	ONGD SENVALOS	5.789,40 €	1.157,88 €	4.631,52 €	20,00

- Número TOTAL de SOLICITUDES presentadas polas entidades nesta convocatoria de subvencións: 49 entidades/solicitudes.
- Orde da relación/listado desta táboa: Polo nº de epjte. asignado á solicitude da entidade solicitante: Número de Expediente (Columna denominada: Expte/CIF).



*II.- Actuacións previas á formulación da PROPOSTA de resolución PROVISIONAL do órgano instrutor do procedemento de concesión.-*

*II.1.- Revisión dos requisitos de acceso para a concesión de subvencións en relación ás entidades solicitantes e os seus proxectos de actividades de interese social en materia de servizos sociais.-*

5º.- No proceso de exame e revisión do contido das solicitudes presentadas polas entidades destinatarias destas axudas, de acordo con establecido na Base 12.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, o órgano instrutor realizou de oficio as accións que considerou necesarias para a determinación, coñecemento e verificación dos datos en virtude dos cales se deberá formular a proposta de resolución. Estas accións realizadas pola unidade tramitadora dependente do órgano instrutor, comprenderon o seguinte alcance:

- *Revisión dos requisitos de acceso para a concesión de subvencións:*

De acordo co establecido na Base 8.1 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023 poderán ser persoas beneficiarias, as persoas xurídicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado validamente constituídos. No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou bens separados, todos e cada un dos socios deberán cumprir os requisitos do beneficiario, independentemente da súa porcentaxe na sociedade.

Segundo o indicado na Base 8.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, son requisitos que se requiren ás entidades beneficiarias, que deben cumprirse con anterioridade á data da proposta de concesión da subvención e que deben manterse durante todo o período de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter en artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, os seguintes:

*Requisitos das entidades beneficiarias:*

- a) Que teñan domicilio social ou delegación no termo municipal da Coruña. Terase en conta o enderezo que figura nos seus estatutos para determinar o domicilio social da entidade. Se se modifica o domicilio social, a súa modificación deberá acreditarse no rexistro correspondente.  
No caso de existir unha delegación da entidade, esta deberá acreditarse mediante un contrato ou documento de similar valor legal a nome da entidade na que se establece que o seu uso será para actividades da propia entidade.
- b) Que carecen de fins de lucro e que, segundo os seus estatutos, teñen obxectivos e fins coincidentes coa finalidade da subvención.
- c) Que estean inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello da Coruña (REMAC), no caso de que a forma xurídica da entidade poida inscribirse.
- d) Que xustificaron as subvencións outorgadas anteriormente polo Concello da Coruña, agás que aínda non transcorrera o correspondente período de xustificación.  
No caso de que no momento de conceder as subvencións existan entidades beneficiarias con subvencións pendentes de xustificación, o procedemento poderá continuar, condicionándose o pagamento a que se produzan estas xustificacións.
- e) Que están ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Coruña, os seus organismos autónomos e entidades de dereito público dependentes.  
De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para comprobar o cumprimento deste apartado. [...]
- f) Que no exercicio da súa actividade non foi sancionado nin condenado por resolución administrativa nin por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos establecidos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma en materia de igualdade; e que non teña como voluntarias a persoas que teñan antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxos destinatarios fosen ou poidan ser vítimas destes delitos, consonte o disposto no artigo 8.5 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, do voluntariado.



- g) Se a actividade ou proxecto para o que se solicita a subvención ten como suxeitos a menores de idade, deberá presentarse unha declaración xurada de que todo o persoal (incluído o persoal voluntario e contratado para tal efecto) encargado da realización da actividade e que teña un contacto regular con menores cumpre o requisito establecido no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, do voluntariado.
- h) Que non se atopan en ningún dos casos de prohibición para obter a condición de persoa/entidade beneficiaria establecidos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.
- i) Que non foron sancionados firmemente en procesos administrativos, laborais ou penais por violación do dereito á igualdade e non discriminación por razón de sexo.
- j) Que acrediten que os seus fins ou obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento, traxectoria, rendemento, organización ou estatutos non son contrarios ao principio de igualdade entre mulleres e homes en diversidade.
- k) Que demostren cumprir coas obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- l) As outras incluídas na lei xeral de subvencións, na Ordenanza municipal da Coruña para a igualdade na diversidade, e na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar.

Estes requisitos deberán manterse durante todo o ano da convocatoria, e de acordo co establecido na Base 5.1 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, cada entidade solicitante pode solicitar un máximo dun proxecto.

No caso das agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou bens separados, a agrupación solicitantes non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei xeral de subvencións.

- *Revisión de documentación de achega obrigatoria e vinculada e vinculada a acreditación do cumprimento dos requisitos desta convocatoria de subvencións*

A comprobación do cumprimento da aportación da documentación obrigatoria e vinculada a acreditación dos requisitos de esta convocatoria, realizouse pola unidade tramitadora tendo en conta o establecido na Base 11.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023 e que, de forma sintética, se relacionan de seguido:

— *Documentación ordinaria:*

- a) Modelo de solicitude e anexos que figuran nas bases.
- b) Estatutos vixentes da entidade solicitante.
- c) Resolución e inscrición no REMAC.
- d) Calquera outra documentación que a entidade entenda pertinente.

De acordo co establecido na Base 11.3.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, os documentos normalizados indicados como "anexos" nesta convocatoria son obrigatorios e non poder ser modificados polas entidades solicitantes.

## *II.2.- Requirimentos de documentación preceptiva e enmenda das solicitudes de subvencións presentadas polas entidades destinadas a actividades de interese social en materia de servizos sociais para o exercicio 2023:*

6º.- O apartado 12.4 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, establece que o órgano instrutor, se a solicitude de subvención presentado NON reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, efectuará un REQUERIMENTO de información, datos ou documentación ás persoas interesadas solicitantes afectadas para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese terase por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A tal efecto, fixéronse polo órgano instrutor os seguintes requirimentos de enmenda da información e documentación preceptiva, ás entidades solicitantes, outorgándosele o prazo de dez (10) días hábiles a fin de que se emende a súa solicitude.



7º.- Dentro deste período de instrución do procedemento de concesión destas subvencións, aconteceron as seguintes incidencias relevantes:

- A entidade ASOCIACIÓN DIGNIDAD - GALICIA, con CIF nº G15500853, e expte. nº 222/2023/133, asignado a súa solicitude de subvención presentada (asento do rexistro de entrada con identificación: RMPE170BNS), presentou escrito de renuncia da súa solicitude de axudas (Proxecto/Actividade: Programa de acompañamento social e/ou cobertura de necesidades básicas a familias en situación ou risco de exclusión social no Concello da Coruña), mediante un escrito cuxa identificación conta no seu expediente:

Data do escrito de renuncia:	19/04/2023
Código de asento de entrada:	RMPE170NGJ
Data de Rexistro de Entrada:	20/04/2023
Número de Rexistro de Entrada:	30403

8º.- Tralo remate do prazo de atención e contestación destes requirimentos de emenda da documentación da solicitudes acordados polo órgano instrutor, este trasladou os datos, información e documentación dos respectivos expedientes das solicitudes presentadas polas entidades solicitantes, aos efectos de que por esta Mesa de Avaliación se procederá ao exame, revisión e valoración do contido das solicitudes de subvención e da súa documentación, de acordo co establecido na Base 13.3.1 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023. Esta avaliación realízase por este órgano de avaliación en relación ás solicitudes presentadas e admitidas, excluíndose aquelas outras que son propostas para a declaración de conclusión do procedemento, a consecuencia da seu desistencia ou renuncia, segundo se indica de seguido:

- Número TOTAL de SOLICITUDES presentadas e ADMITIDAS que son obxecto de exame, revisión e valoración por esta Mesa de Avaliación: 48 entidades/solicitudes [Solicitudes/exptes. resaltados en color negro nas filas da Táboa nº 1.- anterior]

- Número TOTAL de SOLICITUDES presentadas que NON son obxecto de exame, revisión e valoración por esta Mesa de Avaliación: 1 entidade/solicitude [Solicitudes/exptes. resaltados en color vermello nas filas da Táboa nº 1.- anterior]

Solicitudes afectadas por proposta para a declaración de conclusión do procedemento, a consecuencia de desistencia: Ningunha

Solicitudes afectadas por proposta para a declaración de conclusión do procedemento, a consecuencia de renuncia: Unha (1)

Entidade: ASOCIACIÓN DIGNIDAD - GALICIA, con CIF nº G15500853,  
Expte. nº: 222/2023/133  
Solicitude de subvención: asento do rexistro de entrada: RMPE170NGJ

- Número TOTAL de SOLICITUDES presentadas: 49 entidades/solicitudes

Tal e como se indica no apartado IV.- seguinte, a información e documentación obxecto de exame, revisión e valoración é, tanto a aportada polas propias entidades solicitantes, como a obtida da consulta autorizada por elas mesmas e procedentes doutras Administracións Públicas, con carácter previo ao proceso de valoración das mesmas por parte do órgano colexiado de avaliación.



**II.3.- Proceso de avaliación e criterios de avaliación das solicitudes de subvencións das entidades destinadas a actividades de interese social en materia de servizos sociais para o exercicio 2023, e determinación do importe da subvención:**

9º.- O proceso de avaliación das solicitudes presentadas polas entidades solicitantes, se establece nas Bases 12.6 e 13.3.1 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, do seguinte xeito:

-----  
"Base 13.- Procedemento de concesión: criterios de avaliación de subvencións e cadro de avaliación de subvencións

13.3. Mesa de avaliación:

13.3.1. A presentación de solicitudes de subvención será avaliada por unha Mesa de avaliación, designada pola concelleira responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, ..."

"Base 12.- Procedemento de concesión: Instrución

12.6. Unha vez avaliadas as solicitudes, a Mesa de avaliación indicada na base 13.3 seguinte deberá emitir un informe no que se especifique o resultado da avaliación realizada. A continuación, o órgano instrutor, logo de ver o expediente e o informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada."

-----  
Dito proceso de avaliación aplicará os criterios de avaliación e asignará as puntuacións ás solicitudes presentadas polas entidades solicitantes, de acordo co establecido na Base 13.1 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, desagreganse nos seguintes criterios:

- criterios relativos á entidade solicitante, e
- criterios relativos ao proxecto presentado pola entidade solicitante.

Tendo en conta o anterior nos apartados da Base 13.1 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, indícanse as puntuacións máximas asignadas a ditos criterios, cunha puntuación máxima establecida nestas bases de 100 puntos

Para a realización do proceso de exame de requisitos e da aplicación dos criterios de avaliación nas solicitudes de subvencións presentadas polas entidades interesadas, este órgano de avaliación tivo en conta o establecido ao respecto polas seguintes BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023:

- **Base 8: referente aos requisitos das entidades solicitantes para obter a condición de entidade beneficiaria.**
- **Base 13.1.1: referente ao criterios relacionados coa entidade solicitante:**
  - a) Achega económica propia da entidade para o desenvolvemento da actividade ou proxecto.
- **Base 13.1.2: referente ao criterios relacionados co proxecto presentado pola entidade solicitante:**
  - a) Presentación, contido e calidade técnica do informe.
  - b) Transversalidade de xénero.
  - c) Grao de adecuación da actividade ou proxecto á finalidade e a súa relación co ámbito dos servizos sociais.
  - d) Tipoloxía do proxecto.
  - e) Perfil dos beneficiarios directos do proxecto obxecto de subvención.
  - f) Relevancia da actividade ou proxecto obxecto da subvención no marco dos servizos sociais municipais (grao de complementariedade do proxecto obxecto da solicitude de subvención, coas accións, programas e accións desenvolvidas polos servizos sociais municipais).
  - g) Temporalización do proxecto (número total de horas de sesións e / ou atención social ao ano).
  - h) Emprego da lingua galega na realización e difusión do proxecto.

De acordo co establecido na Base 13.1 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, a puntuación total resulta de sumar os puntos asignados dos apartados e subapartados desta base que se indican na da táboa- resumen anterior, conforme os criterios e regras desta base (Base 13.1), e a puntuación mínima total para acceder a concesión da axuda económica será de 45,00 puntos.





10º.- A determinación do importe da subvención que se propoña conceder ás entidades solicitantes, realizárase de acordo co establecido na Base 13.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, nos seguintes termos:

-----  
13.2. Criterios de determinación do importe da subvención:

13.2. Ata esgotar o crédito dispoñible, o importe da subvención resultante para cada actividade ou proxecto determinarase coa seguinte fórmula:

- Contía da subvención = Puntos obtidos na actividade ou proxecto x valor do punto.
- Cálculo do valor de cada punto:

$$\text{Valor punto} = \frac{\text{Orzamento total (100.000,00 euros)}}{\text{Total de puntos obtidos por tódalas actividades ou proxectos}}$$

En ningún caso o importe da subvención poderá superar o máximo subvencionable segundo o establecido na base 7 (1).

Se a asignación a unha actividade ou proxecto é superior á cantidade solicitada, a diferenza entre estes redistribuirase entre as actividades ou proxectos cuxo importe asignado sexa inferior ao solicitado.

A redistribución das diferenzas producidas por este motivo realizárase seguindo o mesmo procedemento, participando unicamente os proxectos cuxo importe asignado sexa inferior ao importe solicitado ou ao límite establecido nestas bases.

Todas as operacións expresaranse en números con dúas cifras decimais, agás a asignación final, que se redondeará a números enteiros.

-----  
(1) Este parágrafo ten unha errata: a relación correcta é coa Base 5.

#### **II.4.- Resultado do proceso de exame de requisitos e aplicación dos criterios de avaliación e baremo para a avaliación das solicitudes de subvencións das entidades destinadas a actividades de interese social en materia de servizos sociais para o exercicio 2023:**

11º.- Tendo en conta o establecido na Base 13.3.b) das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, a avaliación das solicitudes, será realizada pola Mesa de Avaliación, de acordo cos criterios, formas e prioridades de avaliación establecidos na base 13.1, cuxo contido se resume no apartado 9º.- anterior.

Para o exame e avaliación do contido das solicitudes presentadas, téñense en conta as especificacións, declaracións e autorizacións que constan no modelo de solicitude e os seus anexos, cumprimentados e presentados polas respectivas entidades solicitantes, e o resto de documentación que se detalla na Base 11.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023.

Para a realización e elaboración deste exame previo, revisión do contido das solicitudes de subvencións e da súa documentación, tanto a aportada de forma inicial na propia solicitude, como a aportada de forma posterior previo requirimento da administración municipal, así como da posterior avaliación desta información, datos e documentación, en relación ao contido das actividades ou proxectos de interese social presentados, tívose en conta o contido dos respectivos expedientes asignados a cada unha destas solicitudes, ademais do resultado das tarefas do proceso de revisión e cotexo da información, datos e documentación realizada polas unidades administrativas e técnicas do servizo tramitador, baixo a dirección do órgano instructor desta convocatoria. No seu caso, cando procedeu en relación a unha determinada entidade solicitante afectada, se comprobou a documentación que consta no Concello da Coruña ou a solicitada a outra administración pública.

Trala realización do proceso de exame de requisitos e condicións de para obter a condición de entidade beneficiaria, establecidos na Base 8 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, e indicados de forma sintética no apartado 4º.- anterior, o resultado do mesmo é que TODAS as entidades ADMITIDAS (49 entidades/solicitudes) ás que se fai referencia no apartado 8º.- anterior e son relacionadas na táboa nº 1, CÓMPREN todos os requisitos e condicións para ser propostas para obter a condición de entidades beneficiarias, excepto o que se indica no apartado 22º seguinte deste informe-proposta, en relación á aplicación da condición prevista na Base 8.2.d), in fine, das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023.



12º.- Na acta da Mesa de Avaliación, do día 21/06/2023, relaciónanse e detallan en diferentes táboas o resultado de dito proceso de avaliación, mediante a aplicación dos criterios de avaliación e asignación das respectivas puntuacións, en relación ás solicitudes presentadas polas entidades solicitantes; e dita acta consta no expediente de referencia ca seguinte identificación electrónica:

Código de documento: 10517I0LS6  
Código de verificación segunda (CVS): 594P 602J 4X2J 213R 0W04

A asignación de puntuación realizada pola Mesa de Avaliación, mediante puntuacións parciais e total a cada unha das entidades solicitantes admitidas, de forma individualizada para cada unha das actividades/proxectos, obxecto de avaliación, dá como resultado un sumatorio total de puntuación de 3.273,51 puntos, segundo se relaciona na seguinte táboa que consta no expediente de referencia e se achega a este informe-proposta, segundo se identifica e indica no apartado 16º.- seguinte:

- TÁBOA PROV1: LISTADO de PUNTUACIÓNS PARCIAIS e TOTAIS das ACTIVIDADES / PROXECTOS.-

### *II.5.- Determinación do importe da subvención tralo resultado do proceso de aplicación dos criterios de avaliación e baremo para a avaliación das solicitudes de subvencións das entidades destinadas a actividades de interese social en materia de servizos sociais para o exercicio 2023:*

13º.- Tendo en conta o establecido na Base 13.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, a determinación do importe da subvención que se propón conceder ás entidades solicitantes, foi realizada por parte da Mesa de Avaliación, de acordo ca fórmula indicada no apartado 10º.- anterior, en función da puntuación obtida no proceso de avaliación da actividade ou proxecto por cada entidade solicitante admitida, tal e como se detalla na indicada acta da Mesa de Avaliación, do día 21/06/2023, a que se fai referencia no apartado 12º.- anterior.

Este importe individualizado da subvención que se propón conceder ás entidades solicitantes, que se relaciona nas táboas que se indican no apartado 15º.- seguinte, en ningún caso, supera o máximo subvencionable segundo o establecido na Base 5 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, e as condicións previstas na mesma:

- O importe máximo que se pode adxudicar por cada proxecto é de 8.000,00 euros [Base 5.1 das BBRR].
- O importe máximo do orzamento subvencionable será do 90% do seu importe total, e en consecuencia, a proporción de financiamento propio será como mínimo do 10% [Base 5.2 das BBRR].

Tendo en conta que este coeficiente de financiamento propio poderá estar constituído tanto pola contribución propia do solicitante como por outras contribucións doutras persoas e/ou entidades públicas ou privadas, coa condición de que estas achegas deben ter sempre un carácter monetario, sen que se admitan as contribucións en especie [Base 5.3 das BBRR].

De acordo co previsto na Base 13.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, a 1ª asignación inicial previa da contía da axuda proposta realizada pola Mesa de Avaliación, tendo en conta a puntuación total de cada unha das entidades solicitantes admitidas (sendo a puntuación total tida en conta neste reparto da 1ª asignación de 3.273,51 puntos), indícase, de forma individualizada para cada unha das actividades/proxectos, obxecto de avaliación, segundo se relaciona na seguinte táboa que consta no expediente de referencia e se achega a este informe-proposta, segundo se identifica e indica no apartado 16º.- seguinte:

- TÁBOA PROV2.- LISTADO de PUNTUACIÓNS TOTAIS e IMPORTES propostos PREVIA ao proceso de REDISTRIBUCIÓN entre ACTIVIDADES/PROXECTOS [ASIGNACIÓN INICIAL PREVIA].-

14º.- Tamén de acordo co establecido na Base 13.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, cando a asignación do importe que se propón conceder a unha actividade ou proxecto é superior á cantidade solicitada, esta Mesa de Avaliación realizou nos casos que procedeu, a redistribución desta diferenza entre as actividades ou proxectos das restantes entidades solicitantes admitidas, cuxo importe asignado fose inferior ao solicitado.



Esta redistribución das diferenzas producidas por este motivo realizouse pola Mesa de Avaliación, seguindo o mesmo procedemento previsto nesta Base 13.2 das BBRR, participando unicamente os proxectos cuxo importe asignado sexa inferior ao importe solicitado ou ao límite establecido nestas bases.

De acordo co previsto na Base 13.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, a 2ª asignación trala redistribución de diferenzas da contía da axuda proposta realizada pola Mesa de Avaliación, tendo en conta a puntuación total de cada unha das entidades solicitantes admitidas (sendo a puntuación total tida en conta neste reparto da 2ª asignación de 3.195,20 puntos), indícase, de forma individualizada para cada unha das actividades/proxectos, obxecto de avaliación, segundo se relaciona na seguinte táboa que consta no expediente de referencia e se achega a este informe-proposta, segundo se identifica e indica no apartado 16º.- seguinte:

- TÁBOA PROV3.- LISTADO de PUNTUACIÓNS TOTAIS e IMPORTES propostos TRALO
- proceso de REDISTRIBUCIÓN entre ACTIVIDADES/PROXECTOS [ASIGNACIÓN FINAL].-

Por último, tal e como se prevé na Base 13.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, todas as operacións realizadas pola Mesa de Avaliación expresaranse en números con dúas cifras decimais, agás a asignación final, que foi redondeada a números enteiros.

15º.- O procedemento de determinación do importe da subvención, tralo resultado do proceso de aplicación dos criterios de avaliación e baremo para a avaliación das solicitudes de subvencións das entidades destinadas a actividades de interese social en materia de servizos sociais para o exercicio 2023, ao que se fai referencia nos apartados 13º.- e 14º.- anteriores, realizouse pola Mesa de Avaliación, de forma sucesiva, nas fases seguintes, seguindo dito procedemento e operacións previstas na Base 13.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, constando os datos e información resultante deste procedemento nas táboas que se se indican, de seguido, tal e como se detalla na indicada acta da Mesa de Avaliación, do día 21/06/2023, a que se fai referencia no apartado 12º.- anterior.

- 1ª Fase: *Procedemento de asignación de puntuacións parciais e totais:*
- 2ª Fase: *Procedemento de determinación do importe INICIAL da subvención proposto:*  
1ª Asignación Inicial Previa:
- 3ª Fase: *Procedemento de comprobación da existencia de diferenzas nas contías, derivadas da asignación dunha contía de subvención superior á solicitada polas entidades, para a súa posterior redistribución:*
- 4ª Fase: *Procedemento de determinación do importe FINAL da subvención proposta:*  
2ª Asignación Final:

16º.- O resultado do procedemento de determinación do importe da subvención tralo resultado do proceso de aplicación dos criterios de avaliación e baremo para a avaliación das solicitudes de subvencións das entidades destinadas a actividades de interese social en materia de servizos sociais para o exercicio 2023, ao que se fai referencia nos apartados 13º.- e 14º.- anteriores, resúmese e sintetízase de forma individualizada para cada solicitude de subvención presentada e admitida, mediante unha relación destes expedientes no listado denominado "LISTADO PROVISIONAL do resultado da AVALIACIÓN – Subvencións Actividades/Proxectos de interese social Exercicio 2023". Neste listado se relacionan ditas solicitudes / expedientes, coa súa respectiva avaliación e puntuación asignada, así como o importe determinado da subvención que se propón conceder, de forma individualizada, e que se achega a esa acta e ao seu informe de avaliación, formando parte do mesmo a tódolos efectos, e que se pode consultar na documentación electrónica cuxa identificación se indica de seguido e consta no expediente de referencia:



- SUBVENCIONES ACTIVIDADES/PROXECTOS de INTERESE SOCIAL ejercicio 2023 - INFORME do resultado da AVALIACIÓN de solicitudes ADMITIDAS da MESA de AVALIACIÓN:

"LISTADO PROVISIONAL do resultado da AVALIACIÓN – Subvencions Actividades/Proxectos de interese social Exercicio 2023":

- TÁBOA PROV1.- LISTADO de PUNTUACIONES PARCIAIS e TOTAIS das ACTIVIDADES/PROXECTOS.-
- TÁBOA PROV2.- LISTADO de PUNTUACIONES TOTAIS e IMPORTES propostos PREVIA ao proceso de REDISTRIBUCIÓN entre ACTIVIDADES/PROXECTOS [ASIGNACIÓN INICIAL PREVIA].-
- TÁBOA PROV3.- LISTADO de PUNTUACIONES TOTAIS e IMPORTES propostos TRALO proceso de REDISTRIBUCIÓN entre ACTIVIDADES/PROXECTOS [ASIGNACIÓN FINAL].-

Código: 10517I0ME0  
Código seguro de verificación (CSV): 232A 6W11 5L4K 0K12 0K3U

O contido de dito listado provisional e informe do resultado da AVALIACIÓN realizado pola Mesa de Avaliación en relación cas Subvencions Actividades/Proxectos de interese social para o exercicio 2023, se incorpora a esta proposta de resolución provisional que se formula por este órgano instrutor, formando parte do mesmo a tódolos efectos, en relación ca xustificación e motivación de dita proposta. Aos efectos da motivación da propostas de resolución provisional do órgano instrutor e do coñecemento polas entidades solicitantes, se achega dito "LISTADO PROVISIONAL do resultado da AVALIACIÓN – Subvencions Actividades/Proxectos de interese social Exercicio 2023", tanto a este informe-proposta, como ao anuncio que se publique da referida proposta de resolución provisional.

*II.6.- Informe de la Mesa de Avaliación do resultado do proceso de aplicación dos criterios de avaliación e baremo para a valoración das solicitudes de subvencions das entidades destinadas a actividades de interese social en materia de servizos sociais para o exercicio 2013.-*

17º.- De acordo co establecido na Base 12.6 das BBRR Subvencions Actividades Interese Social 2023, a Mesa de Avaliación tal e como consta na súa acta, do día 21/06/2023, á que se fai referencia no apartado 12º.- anterior, emitiu e aprobou o informe no que se especifica o resultado da avaliación realizada, de forma detallada para cada unha das solicitudes e proxectos/actividades presentados polas entidades solicitantes admitidas.

O contido desta acta da Mesa de Avaliación, do día 21/06/2023, que se achega a este informe-proposta, formando parte del a todos os efectos, para á xustificación e motivación da proposta de formulación de resolución definitiva que contén.



*III.- Formulación da PROPOSTA de resolución PROVISIONAL do órgano instrutor do procedemento de concesión e apertura do prazo de presentación de alegacións e solicitudes de reformulación das solicitudes iniciais.-*

*III.1.- Trámite de formulación da proposta de resolución PROVISIONAL do órgano instrutor do procedemento de concesión das subvencións e apertura do prazo de presentación de alegacións.-*

18º.- Trala emisión e aprobación por parte da Mesa de Avaliación do informe de avaliación indicado no apartado 17º.- anterior, procede, a continuación, a formulación, por parte do órgano instrutor, da correspondente proposta de resolución PROVISIONAL. Dita proposta se regula na Base 14.1. das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, nos seguintes termos:

-----  
*Base 14.- Procedemento de concesión: resolución provisional, trámite de alegacións e reformulación e resolución definitiva de subvencións*

*14.A) Proposta de resolución provisional:*

*14.1. O órgano instrutor, logo de ver o expediente e o informe da Mesa de Avaliación, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se se notificará ás persoas interesadas mediante anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:*

- *Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>)*
- *Páxina web municipal de servizos sociais: <https://www.coruna.gal/serviciosociales/es?argIdioma=es>*

*A publicación deste anuncio público no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña terá o carácter de notificación colectiva, para os efectos do previsto no artigo 45.1. b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Tras esta notificación concederase ás persoas solicitantes un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións."*

-----  
Tamén o artigo 22.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, determina que "4. Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano colexiado ao que se refire o apartado 1 do artigo 22 desta lei deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados na forma que estableza a convocatoria, e concederase un prazo de 10 días para presentar alegacións". Por último, o artigo 19 da Ordenanza Xeral de Subvención da Área de Benestar Social do Concello da Coruña, publicada no BOP da Coruña nº 40, do día 19/12/2005, se expresa en termos similares aos indicados previamente, en relación ca formulación da proposta de resolución provisional.

En consecuencia, finalizadas as actividades de instrución desde procedemento de concesión de subvencións, tal e como se indica no apartado 2º.- anterior, e unha vez realizada a avaliación das solicitudes presentadas e admitidas pola Mesa de Avaliación nomeada a tal efecto, segundo consta no indicado informe de valoración da mesma, do día 21/06/2023, de acordo cos criterios de avaliación e de determinación da contía da subvención, establecidos na Base 13 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, procede que, de acordo co establecido no artigo 24.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Base 14.1. das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, o órgano instrutor, á vista expediente e do informe e acta da Mesa de Avaliación anteditos, formule a correspondente PROPOSTA de RESOLUCIÓN PROVISIONAL, debidamente motivada.



A motivación desta proposta de resolución provisional do órgano instrutor consta no apartados previos deste informe-proposta, así como no contido e táboas achegadas á antedita acta e informe da Mesa de Avaliación, do día 21/06/2023, que se menciona no apartado 12º.- anterior, os cales se consideran, a tódolos efectos, engadidos no contido deste informe-proposta, en relación con dita motivación e xustificación.

Dita proposta de resolución provisional formulada será notificada de forma colectiva mediante anuncio público no día seguinte ao da súa aprobación polo órgano instrutor competente, que se publicará nos lugares e polos medios sinalados na indicada Base 14 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, e que se indican de seguido:

- Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña, no seguinte enderezo electrónico:  
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina WEB municipal de servizos sociais: <https://www.coruna.gal/servizossociais/gl>

Esta proposta de resolución provisional formulada recollerá a relación de subvencións concedidas ás entidades propostas como beneficiarias, así como as subvencións solicitadas e non concedidas ou desestimadas das entidades non beneficiarias, de ser o caso, así como a puntuación outorgada e a contía proposta de concesión, de cada una delas.

19º.- Tamén de acordo co establecido na Base 14, in fine, das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, e no artigo 76.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas en coherencia co artigo 24.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, mediante este anuncio no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, procede a apertura dun trámite de presentacións de alegacións, durante un prazo de dez (10) días hábiles, en relación co contido desta proposta de resolución provisional formulada polo órgano instrutor.

Dentro deste trámite de alegacións as entidades interesadas poderán aducir alegacións e achegar documentos e outros elementos de xuízo, que serán tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución definitiva.

A data de inicio do prazo de presentación de alegacións iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio antedito no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña.

**III.2.- Trámite de presentación de solicitudes de reformulación en relación ás entidades solicitantes con actividades ou proxectos que constan na proposta de resolución provisional cunha contía proposta de concesión que sexa inferior á contida solicitada.-**

20º.- Trala emisión e aprobación por parte do órgano instrutor da indicada proposta de resolución provisional, procede a continuación a apertura dun prazo de presentación de solicitudes de reformulación por parte das entidades interesadas afectadas polo establecido na Base 14.2. das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, nos seguintes termos:

-----  
"Base 14.- Procedemento de concesión: resolución provisional, trámite de alegacións e reformulación e resolución definitiva de subvencións

14.A) Proposta de resolución provisional:

...

14.2. Cando a subvención estea destinada a financiar actividades ou proxectos que deba desenvolver a entidade solicitante e o importe da subvención para a proposta de resolución provisional sexa inferior ao contido na solicitude presentada, de conformidade co disposto no artigo 27 da LGS, pódese instar ao beneficiario para que reformule a súa solicitude, que axuste os compromisos e condicións á subvención concedida, nun prazo non superior a cinco días hábiles desde o remate do prazo de presentación de alegacións. Neste caso, a entidade beneficiaria que presente reformulación deberá manter o importe do cofinanciamento ou, no seu caso, a porcentaxe de cofinanciamento que figura no orzamento inicial.



*Non obstante, no caso de que o orzamento se reaxuste á baixa, o mantemento do resto dos criterios que foron esenciais para a concesión da subvención concedida (número total de horas, etc.) deberá xustificarse debidamente, podendo reaxustarse á baixa a puntuación e a subvención outorgada doutro xeito.*

*A solicitude de reformulación debe incluír necesariamente a seguinte documentación:*

- *Solicitude que debe presentarse e completarse no modelo establecido que se achega (anexo S.7).*
- *Orzamento de ingresos e gastos das actividades ou proxectos, ou accións solicitadas, con expresión do financiamento previsto e cun nivel de detalle que permita identificar e verificar que todos os conceptos de gastos son subvencionables, enchendo o modelo do anexo S.8."*

Tamén o artigo 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, determina o seguinte en canto á reformulación das solicitudes:

*"Artigo 27. Reformulación das solicitudes.*

*1. Cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades a desenvolver polo solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar do beneficiario, se así se previu nas bases reguladoras, a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable.*

*2. Unha vez que a solicitude mereza a conformidade do órgano colexiado, remitirase con todo o actuado ao órgano competente para que dite a resolución.*

*3. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións."*

E tamén, en termos similares aos indicados previamente, o artigo 20 da Ordenanza Xeral de Subvención da Área de Benestar Social do Concello da Coruña, publicada no BOP da Coruña nº 40, do día 19/12/2005, exprésanse en termos similares aos indicados previamente, e tamén prevé este trámite de reformulación de solicitudes por parte das entidades interesadas.

Polo tanto, de acordo co establecido na Base 14.2. das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, nos supostos que a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades ou proxectos a desenvolver pola entidade solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, de conformidade do disposto no artigo 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderase solicitar pola entidade beneficiaria interesada, a reformulación da súa solicitude (inicial) para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable, cos requisitos e condicións que se establecen na referida Base 14.1 das BBRR.

O prazo para a presentación de solicitudes de reformulación será de cinco (5) días hábiles dende a finalización do prazo de presentación de alegacións, trala publicación do anuncio de notificación colectiva publicado, ao que se refire o apartado 19º.- anterior.

21º.- De acordo co establecido na Base 14.3 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, unha vez examinadas as alegacións ou, no seu caso, as reformulacións presentadas polas entidades interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva polo órgano instrutor.

De acordo co determinado polo artigo 24.6 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor da entidade beneficiaria proposta, fronte á Administración, mentres non se notifique a resolución de concesión do órgano competente, prevista na Base 10.2. das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023; e nos mesmos termos se expresa o artigo 22 da Ordenanza Xeral de Subvención da Área de Benestar Social do Concello da Coruña, publicada no BOP da Coruña nº 40, do día 19/12/2005.

22º.- A información e o contido deste anuncio publicado no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, ao que se refiren os apartados 19º.- e 20º.- anteriores, será trasladado ao departamento municipal responsable do servizo de información cidadá realizado a través do teléfono 010 de información e atención telefónica municipal.



**III.3.- Formulación da proposta de resolución PROVISIONAL polo órgano instructor e notificación colectiva da mesma mediante publicación dun anuncio.-**

23º.- Tendo en conta o indicado nos apartado precedentes, e unha vez emitido o referido informe de valoración das solicitudes presentadas a esta convocatoria pola Mesa de Avaliación, do día 21/06/2023, ao que se fai referencia no apartado 17º.- anterior, formulouse por parte deste órgano instructor a PROPOSTA de resolución PROVISIONAL, o día 23/06/2023, prevista na Base 14.A) das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, que pode consultarse na documentación electrónica cuxa identificación se indica a continuación e que consta non expediente de referencia:

- PROPOSTA de Resolución Provisional do órgano instructor:  
Fecha do documento: 23/06/2023  
Código Documento: 10517I0LS7  
Código seguro de verificación (CSV): 6205 000N 1A5H 574U 0GIF

A continuación, nos termos previstos na Base 14.1 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, aprobouse por parte deste órgano instructor, o ANUNCIO desta proposta de resolución PROVISIONAL, con data do 23/06/2023, cuxa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello da Coruña nesta mesma data, daba inicio ao prazo de presentación de alegacións e de solicitudes de formulación das solicitudes iniciais presentadas polas entidades solicitantes, e que pode consultarse na documentación electrónica cuxa identificación se indica a continuación e que consta non expediente de referencia:

- ANUNCIO da Proposta Resolución Provisional do órgano instructor:  
Fecha do documento: 23/06/2023  
Código Documento: 10517I0MSB  
Código seguro de verificación (CSV): 485K 336M 675J 4Q22 0LDE

Este anuncio foi publicado no Taboleiro de Edictos do Concello da Coruña, o día 23/06/2023, que pode consultarse na seguinte dirección electrónica:

<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=view&id=18008>

24º.- A parte dispositiva desta PROPOSTA de resolución PROVISIONAL, do día 23/06/2023, formulada por parte deste órgano instructor, que foi publicada mediante o anuncio indicado do mesmo día.

25º.- Tanto nesta formulación da proposta de resolución PROVISIONAL, o día 23/06/2023, como no seu ANUNCIO do mesmo día, que se indican nos parágrafos anteriores, consta aprobado por parte deste órgano instructor, unha LISTAXE PROVISIONAL PREDIFINITIVA de ENTIDADES de iniciativa social sen ánimo de lucro, PROPOSTAS como BENEFICIARIAS, así como da súa respectiva puntuación e as respectivas contías concedidas propostas.





*IV.- Actuacións previas á formulación da PROPOSTA de resolución DEFINITIVA do órgano instrutor do procedemento de concesión.-*

*IV.1.- Proceso de avaliación das alegacións presentadas polas entidades interesadas e das solicitudes de reformulación das solicitudes iniciais presentadas polas entidades propostas como beneficiarias, en relación ao contido da proposta de resolución provisional do órgano instrutor.-*

26º.- Tendo en conta o establecido na Base 14.1 e 14.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, a avaliación das alegacións presentadas polas entidades interesadas e das solicitudes de reformulación das solicitudes iniciais presentadas polas entidades propostas como beneficiarias, en relación ao contido da proposta de resolución provisional do órgano instrutor, foi realizada pola Mesa de Avaliación desta convocatoria de subvencións, de acordo cos criterios, formas e prioridades de avaliación establecidos nas Bases 13.1 e 14.2 das indicadas BBRR. Para este exame e avaliación do contido das alegacións e solicitudes de reformulación presentadas, téñense en conta, tanto o contido das mesmas, como o da documentación que, de ser o caso, se achega polas entidades interesadas.

27º.- Na acta da reunión da Mesa de Avaliación, do día 20/09/2023, detállase o resultado do dito proceso de avaliación, mediante a aplicación dos criterios de avaliación e asignación das respectivas puntuacións, así como as contías determinadas para a concesión destas subvencións, en relación ás alegacións e solicitudes de reformulación presentadas polas entidades solicitantes. De acordo co previsto na Base 14.2 das BBRR Subvencións Actividades Interese Social 2023, tendo en conta as solicitudes de reformulación presentadas, foron reaxustados á baixa, tanto as puntuacións (por un total de **-22,54** puntos), como as respectivas contías propostas das entidades afectadas (por un total de **-694,00** euros), tal e como se detalla no Anexo denominado "TÁBOA DEFIN3" que se achega á dita acta. Na dita acta inclúese o correspondente informe de avaliación, e consta no expediente de referencia coa seguinte identificación electrónica:

- ACTA da Mesa de Avaliación da súa reunión do día 20/09/2023:  
Fecha do documento: 20/09/2023  
Código de documento: 10517I0SMZ  
Código de verificación segunda (CVS): 086G 2R14 0B2N 033W 089M

O contido desta acta da Mesa de Avaliación, do día 20/09/2023, que se achega a este informe-proposta, formando parte deste a todos os efectos, para á xustificación e motivación da proposta de formulación de resolución definitiva que contén.

*IV.2.- Resultado do proceso de avaliación das ALEGACIÓNS presentadas polas entidades interesadas en relación ao contido da proposta de resolución provisional do órgano instrutor.-*

28º.- De acordo co resultado do proceso de avaliación realizado pola Mesa de Avaliación que consta no seu informe de avaliación, ao que se fai referencia no apartado 30º.- seguinte, dentro deste prazo de presentación de alegacións, SI se presentou unha única alegación por parte das entidades que participan nesta convocatoria de axudas, en relación ao contido da proposta de resolución PROVISIONAL do órgano instrutor, do día 23/06/2023, á que se fai referencia nos apartados 23º.- e 24º.- anteriores. O resultado do proceso de avaliación destas alegacións é o que consta detallado no indicado informe de avaliación da Mesa de Avaliación, que inclúe a seguinte tipoloxía de alegacións:

- Escritos de Alegacións presentados dentro do prazo e admitidas: 1 Solicitud.
  - Escritos de Alegacións presentados fora do prazo e admitidas: 0 (ningunha) Solicitud.
- Total de alegacións presentadas: 1 Solicitud

